

## A AELG convoca un parlamento de escritoras polos dereitos civís

Redacción | 11 de Marzo de 2019



De

Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG. Foto: AELG

“momento de especial gravidade” cualifica a **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega** (AELG) a situación actual en Galiza e no Estado español. Refírese á “vulneración de dereitos culturais, sociais e políticos”. Para reflexionar sobre a mesma convoca o **Parlamento de Escritoras** os vindeiros 15 e 16 de marzo en Pontevedra.

A “vinculación entre escrita literaria e defensa dos dereitos civís e identitarios, da xustiza social e da liberdade de expresión” será o outro eixe dun encontro en que participarán autoras e autores galegas, vascas, catalás e portuguesas. “A defensa destes dereitos humanos é a cerna dos valores irrenunciábeis, que guiarán este parlamento”, explica nun comunicado a asociación presidida polo poeta **Cesáreo Sánchez Iglesias**.

O Pazo Mugartegui acollerá as primeiras actividades das xornadas a sexta feira 15 de marzo ás catro e media da tarde. *Liberdades civís e dereitos nacionais* titularase a mesa redonda de apertura e nela falarán a ensaísta galega **Carme Adán**, a narradora vasca **Laura Mintegi** e novelista catalá **Clàudia Pujol**. Modera Sánchez Iglesias.

Dúas horas máis tarde, **Mercedes Queixas**, secretaria xeral da AELG, ordenará o debate *Violencia institucional, violencia estrutural na sociedade*, co director da Institució de les Lletres Catalanes **Joan Elies Adell Pitarch**, a poeta portuguesa **Ana Luísa Amaral** e o escritor galego **Suso de Toro**.



O sábado 16 de marzo, no Pazo de Congressos, haberá catro grupos de traballo activos simultaneamente. Sobre feminismos e identidades discutirán as autoras galegas **Marta Dacosta**, **María Reimóndez**, **Daniel Asorey** e **Antía Yáñez**. Sobre as migracións, **Xoán Carlos Domínguez Alberte**, **Ana Acuña**, **Vicente Araguas** e **Afonso Becerra**.

**Antonio Reigosa** encargárase de coordinar os relatorios de **Pilar García Negro**, **Diana Varela** e **David Otero** sobre lingua e patrimonio cultural. Finalmente, **Rosalía Fernández Rial** moderará a **Manuel Bragado**, **Camilo Franco** e Ana Romaní arredor da “cultura, medios de comunicación e poderes”.

O Teatro Principal será escenario da “lectura e debate” das achegas dos grupos de traballo e mais un “acto literario e musical” de clausura. Presentado por **Aldaolado**, nel estarán **Manuel Rivas**, **Antía Otero**, **Xosé María Álvarez Cáccamo**, **Tamara Andrés**, **Marica Campo**, **Berta Dávila**, **Estíbaliz Espinosa**, **Antonio García Teijeiro**, **Eli Ríos**, **Xavier Seoane** e **Rafa Vilar**.

O **Parlamento de Escritoras e Escritores. Identidades e dereitos civís desde a escrita** conta co apoio do **Concello de Pontevedra** e mais do **Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro)**.

**Podes ver este artigo na próxima dirección**